



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tíf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

Culleredo a 21 de setembro de 2020

Estimadas familias:

Como sabedes, comezamos a actividade docente coas presentacións de todos os grupos, que terán lugar entre os días 23 e 25 de setembro, segundo horario que podedes consultar na páxina web do centro.

Durante eses tres días -23, 24 e 25- levarase a cabo con cada grupo de alumnos unha xornada de formación na que coñecerán a porta de acceso que lles corresponde e a hora na que deben estar preparados para entrar, os aseos asignados, a escaleira pola que deben subir e baixar e outra información que poida resultar relevante para acadar o obxectivo de ser un centro seguro.

Precisamente para evitar tránsito de alumnado e persoal e facer saídas escalonadas, durante o curso 2020-2021 o **horario** de clases será solo de mañá coa seguinte distribución:

QUENDA A: 1º ESO, 2º ESO, 1º BACH

- . Luns e mércores de 8.30 a 14.50 (sete sesións de 50 minutos)
- . Martes, xoves e venres: de 8.30 a 14.00 (seis sesións de 50 minutos)

QUENDA B: 3º ESO, 4º ESO, 2º BACH

- . Luns, mércores e venres: de 8.30 a 14.00 (seis sesións de 50 minutos)
- . Martes e xoves: de 8.30 a 14.50 (sete sesións de 50 minutos)

So haberá un **recreo** para cada grupo, que durará 30 minutos. Coincidirá a hora diferente segundo o nivel:

- . 1º ESO, 2º ESO, 1º BACH, ESA: de 11.00 a 11.30 (ao finaliza a 3ª clase)
- . 3º ESO, 4º ESO, 2º BACH: de 11.50 a 12.20 (ao finalizar a 4ª clase)

Acceso ao centro:

As familias comprométense a non enviar ao instituto ao alumnado que poida presentar síntomas compatible coa COVID (febre, tose, fatiga, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, diarrea) polo que farán diariamente unha autoavaliación seguindo o exposto no enlace:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/enquisa_de_autoavaliacion_0.pdf

INSTRUCCIÓNS

1. Ao entrar o alumnado hixienizará os pes nunha alfombra desinfectante, e as mans cun produto que pulverizará o profesorado de garda na entrada. Deberá gardar a distancia de seguridade de 1,5 m.
2. O alumnado deberá levar a mascarilla obrigatoriamente.
3. Cada alumno traerá na súa mochila xel hidroalcohólico para uso propio e unha caixa de panos de papel, na que deberá figurar o seu nome. A mochila colocaráse no gancho que hai na mesa.
4. Na aula, ocuparán sempre o mesmo pupitre, no que figurará o seu nome.

5. Ao chegar a aula e antes de cada clase, o alumno deberá desinfectar a súa mesa ou ordenador (no caso de estar na aula de informática). O profesor ou persoa encargada pulverizará o produto sobre cada pupitre e o alumnado desinfectará co papel que ten da súa caixa. Antes de empezar cada clase, cada alumno hixienizará as mans co seu xel (en caso de non telo, haberá xel e papel na aula, que subministrará o profesorado).

CLASES

- . As clases impartiranse sempre que se poida coas ventás abertas. Recoméndase que nos días de frío o alumnado use roupa de abrigo cómoda.
- . Nas aulas non haberá percheiros nin estarán operativos os armarios. O alumno colocará a súa prenda de abrigo no respaldo da súa cadeira.
- . Non se utilizarán os vestiarios de Educación Física. O alumando traerá a roupa de deporte posta da casa.
- . Non se poderá en ningún caso compartir material.

Recoméndase ao alumnado traer da casa unha botella de auga e algo para comer a media mañá.

En breve, publicarase na web e enviarase por Abalar a distribución das portas de acceso por grupos así como a hora de entrada ao centro (entre as 8.15 e 8.30) para evitar aglomeracións.

O horario normal de clase comezará o luns 28 de setembro.

É importante polo ben de todos os membros da comunidade educativa que o alumnado sexa responsable e cumpra escrupulosamente co que se indique, respectando os sinais que hai polos corredores. O incumprimento das normas é motivo de apercibimento.

Entre todos poderemos conseguir que este curso se desenvolva co menor número de incidencias posible.

Ánimo!

A Dirección.